

RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DA LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS AO PROCEDIMENTO DE ADQUISICIÓN DE VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA (VPP) EN SEGUNDA OU POSTERIOR TRANSMISIÓN NO CONCELLO DE MAÑÓN.

En data 21-01-2014 publicouse a resolución da lista provisional de admitidos e excluídos no procedemento de adquisición de vivenda protexida de promoción pública en segunda ou posterior transmisión do expediente C95020, conta 12, situada no concello de Mañón, Estrada Esteiro, 12, O Barqueiro.

Transcorrido o prazo sinalado na devandita resolución, non se presentaron reclamacións.

Á vista do que antecede

Resolvo

1º Declarar deserto o procedemento de adquisición, referido á resolución de inicio do 27-12-2013 de vivenda protexida de promoción pública (VPP) en segunda ou posterior transmisión do expediente C95020, conta 12, situada no concello de Mañón, Estrada Esteiro, 12, O Barqueiro.

2º Ordenar a publicación desta resolución na páxina web do I.G:V.S.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interponer recuso de alzada ante o conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución, de conformidade co disposto no artigo 114 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A Coruña, 04 de febreiro de 2014
O xefe territorial da Consellería de
Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

José Antonio Álvarez Vidal